



**25
DE NOVIEMBRE
Día
Internacional
Para a Eliminación
da Violencia de
Xénero**



EXPOSICIÓN “DE BERROS E OLLADAS”

PÚBLICO EN XERAL

Do 6 ao 27 novembro permanecerá exposta a mostra de distintos estilos fotográficos que trata de expresar de xeito visual a repulsa contra a violencia de xénero realizada por **Marga Piñeiro Díaz, Enrique González Pérez, Isidro Cea e Andrea Fernández Maneiro**. Ao longo do mes de novembro desenvolveranse visitas guiadas co alumnado de 3º da ESO.

LAZO BRANCO NA TORRE DA HOMENAXE

PÚBLICO EN XERAL

Ao longo do mes de novembro colgarase un gran Lazo Branco na Torre da Homenaxe como símbolo de rexeitamento á violencia de xénero e en solidariedade coas vítimas.

MESA: EXPRÉSATE CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

PÚBLICO EN XERAL

Do 20 ao 30 de novembro colocarse unha Mesa e Libro de Firmas na Casa do Concello onde a nosa veciñanza poderá expresar as súas manifestacións de repulsa contra a violencia de xénero.

OBRADOIRO

MULLERES USUARIAS DO BANCO DE

“PALABRAS QUE UNEN/PALABRAS QUE SEPARAN”

TEMPO DO CONCELLO DE MONFORTE

O martes 21 de novembro ás 11:30 h no Pazo de Tor impartirase por Encarna Lago o obradoiro artístico “Palabras que unen / Palabras que separan” promovido pola Rede Museística de Lugo en colaboración con ACADAR.

OBRADOIROS

CENTROS DE EDUCACIÓN

“VIOLENCIA DE XÉNERO E O NOVO CONTEXTO DIXITAL”

PRIMARIA

O mércores 22 e xoves 23 de novembro, no Salón de Actos da Casa da Cultura, a cargo da entidade **Pantallas Amigas** levaranse a cabo co alumnado de 6º de E. P. dos Centros Educativos de Monforte obradoiros nos que se traballará o coñecemento e a prevención da violencia de xénero que xorde no contexto dixital, actividade concedida pola Secretaría Xeral de Igualdade no marco da Rede de Entidades Locais contra a violencia de xénero.

CHARLA COLOQUIO

“EDUCACIÓN DIXITAL POSITIVA: COMO CONTROLAR SEN INVADIR”

PÚBLICO EN XERAL

O mércores 22 de novembro ás 18:00 h no Salón de Actos da Casa da Cultura a cargo de **Pantallas Amigas** desenvolverase unha Charla dirixida a nais, pais, profesorado e calquera persoa interesada na promoción do uso seguro e saudable das novas tecnoloxías e no fomento da educación dixital responsable na infancia e na adolescencia.

MESA DE COORDINACIÓN PARA A MELLORA

PROFESIONAIS DO ÁMBITO DE

DA ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA

INTERVENCIÓN NA VIOLENCIA

DE XÉNERO

DE XÉNERO

O venres 24 de novembro ás 12:00 h na Sala de Actividades (2º andar) do Centro Cívico Social de Monforte de Lemos terá lugar unha sesión formativa sobre “O papel do Ministerio Fiscal coas vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas nos procedementos civís e penais” a cargo de Dª Aurea Martínez, Fiscal Delegada de Violencia contra a muller en Lugo. Posteriormente reunirase a Mesa de Traballo na que se tratará o sinalado na orde do día.

ACTO CONMEMORATIVO DO 25 DE NOVIEMBRE DIA INTERNACIONAL

PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

PÚBLICO EN XERAL

O sábado 25 de novembro ás 19:00 h na Sala de Exposicións da Casa da Cultura realizarase unha visita guiada á exposición “De berros e olladas” a cargo de **Marga Piñeiro Díaz**, posteriormente terá lugar a acción artística “S/T. Muller-casa” coa actuación de **Patricia Vaud** baixo a dirección de **Eva Freixeira Ferreira**. Pechará o acto a Concelleira de Igualdade coa lectura do Manifesto contra a violencia de xénero.

“CONTAMOS TODAS”

CENTROS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

O luns 27 de novembro ás 11:30 h no Salón de Actos da Casa da Cultura desenvolverase un obradoiro participativo do Fondo Galego de Cooperación a cargo de **A Tropa de Trapo** “Contamos todas” dirixido ao alumnado de 4º da ESO dos Centros Educativos de Monforte co obxectivo de sensibilizalo sobre a existencia de desigualdades entre mulleres e homes que seguen a transmitirse á mocidade, chegando á súa máxima expresión na violencia de xénero.

PRESENTACIÓN LIBRO “AS MIÑAS FILLAS DEVOLVÉRONME A VIDA”

PÚBLICO EN XERAL

O xoves 30 de novembro ás 20:00 h no Centro do Viño, **Inés Fernández Lamela** acompañada de **Marina Doutón Rajo**, Concelleira de Igualdade presentará o seu libro “As miñas fillas devolvéronme a vida” no que relata o maltrato sufrido durante 30 anos da súa vida.